

Celga



1

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C1-B-I-23-LF

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, le este artigo sobre os motivos para mercar nas tendas de barrio.

Toma as notas que precises.

Na entrevista oral terás que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

Cinco motivos para mercar nas tendas de barrio



Son moitas as vantaxes que nos ofrecen os comercios pequenos. Aínda así, van desaparecendo pouco a pouco dos nosos barrios. As grandes superficies e as compras por Internet son os seus grandes inimigos.

Os centros comerciais fanlles a competencia porque ofrecen todo tipo de produtos e servizos concentrados nun mesmo espazo: roupa, zapatos, libros, restaurantes, cines... Podes pasar o día enteiro nun deles: comprar, comer, quedar cos amigos ou ver unha película.

Outra opción para as compras é Internet. Podes mercar todo tipo de cousas a calquera hora e sen necesidade de saír da casa.

As tendas de barrio necesitan do noso apoio para seguir abertas. Estas son algunhas razóns polas que debemos apostar por elas:

- **Están preto da túa casa.** Os donos dos comercios viven no teu barrio. Ti cómpraslles a eles e eles gastan na zona. Desta forma, todos gañan. É xente que coñecemos, saudamos e coa que coincidimos todos os días. Ás persoas maiores, ter a tenda cerca failles a vida máis fácil.
- **Ofrecen atención personalizada.**



Cando compras na panadería ou na froitaría do barrio, detrás do mostrador está unha persoa que te pode aconsellar. Darache o mellor porque te quere volver ver por alí. Nas grandes superficies non hai esa confianza.

- **Animan o barrio e danlle vida.** Un escaparate iluminado e unha tenda aberta fan da rúa un lugar agradable para saír.

Se hai comercios, as nosas rúas son máis seguras e os barrios están coidados.

- **Son lugares de encontro.** Son un punto de reunión, un sitio onde atoparnos e charlar cos veciños e veciñas. Baixar á tenda é unha boa ocasión para saber o que pasa no barrio. As persoas maiores agradecen ese trato directo e familiar co comerciante.
- **Favorecen a práctica de exercicio.**



Ao movernos polo barrio a pé, sen necesidade de utilizar o coche, contaminamos menos e a nosa saúde mellora.

Texto adaptado de *La Voz de Galicia*

PARTE 2

1. BENVIDA Á PERSOA CANDIDATA	1 minuto aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle a estrutura da proba e acomodalala.</p> <p>As primeiras preguntas NON son avaliáveis.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como estás? ■ Como te chamas? ■ A que te dedicas? 	
2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a partir de aquí XA é avaliável. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico da persoa candidata relacionada co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ De onde es? Fala un pouco sobre a túa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo levas estudando galego? ■ Por que o estudas? ■ Que che gusta facer no tempo libre? Que afeccións tes? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que che gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopas entre a cultura galega e a túa? 	
3. RESUMO	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do texto. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o documento. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ De que trata o texto? ■ Que vantaxes ten mercar nas tendas de barrio? ■ Que outras formas de comprar compiten co pequeno comercio? 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

- Gústache mercar nas tendas do teu barrio ou prefires os centros comerciais? Por que?
- Onde acostumas mercar a froita e o peixe? E a roupa? Por que?
- Cales son, para ti, as vantaxes de mercar no pequeno comercio? E os inconvenientes?
- Tes confianza nas persoas que te atenden no barrio? Coñécelas?
- Acostumas a conversar cos veciños/as? E cos tendeiros/as?
- Cres que hai que axudar o pequeno comercio? Por que?
- Como vas á compra? A pé ou en coche? Que che parece mellor?

(Se procede)

- No teu lugar de orixe, a xente merca habitualmente no pequeno comercio?

OPCIÓN B

- Gústache facer a compra nos centros comerciais ou prefires as tendas de barrio? Por que?
- Pensas que os centros comerciais ofrecen maior variedade de produtos e de servizos? Cales? Por que?
- Paréceche máis cómodo o horario de compra nas grandes superficies? Por que?
- Cando vas ao centro comercial, compras o necesario ou compras máis cousas das que precisas? Por que?
- Os centros comerciais son lugares de encontro cos teus amigos? Quedas con eles para comer alí? E para ir ao cine? Por que?
- Cales son as vantaxes de mercar nun centro comercial? E os inconvenientes?

(Se procede)

- Existen diferenzas entre a forma de mercar en Galicia e no teu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Gústache ir de compras ou prefires mercar sen saír da casa? Por que?
- Cando mercas roupa ou calzado, prefires probar ou iso non che preocupa?
- Cres que aforras cando compras por Internet? Por que?
- Pensas que comprar por Internet é cómodo e rápido? Por que?
- Comprar por Internet é unha boa opción para a xente que dispón de pouco tempo? Por que?
- Para a xente das aldeas é máis cómodo comprar por Internet ou desprazarse a un centro comercial? Por que?
- Pareceche que é seguro comprar por Internet? Por que?

(Se procede)

- No teu lugar de orixe, a xente vai ás tendas ou prefire facer as compras por Internet?

